

**GRUPO DE TRABAJO “IRMÁS MIRABAL” DO IES Nº 1 DE RIBEIRA**  
**Concepción García Rial, profesora de educación secundaria en dito centro**

Concepción García Rial é profesora de Ensino Secundario na área de Xeografía e Historia no I.E.S nº1 de Ribeira e membro do grupo de traballo "Irmás Mirabal" do mesmo instituto.

O grupo IRMÁS MIRABAL constituíuse, dentro do marco do CFR, no curso 2002/03. Está integrado por 5 profesoras e 2 profesores, a maioría con destino definitivo no centro.

Os obxectivos do grupo son os seguintes:

- Fomentar a colaboración entre o profesorado, ANPA e a administración local en materia de educación orientada á non discriminación.
- Crear materiais de estudo e divulgación de cara á sensibilización xeral sobre os problemas das distintas discriminacións.
- Elaborar unha liña de actuación perante casos que se poidan dar no centro relacionados con actitudes discriminatorias.
- Decidimos artellar o traballo en torno á celebración de 3 datas: 25 de novembro, 30 xaneiro e 8 de marzo.

Os recursos que vimos utilizando son moitos e variados:

- Recollida de información para a elaboración de exposicións dirixidas a todo o alumnado do centro.
- Elaboración de material gráfico.
- Selección de poemas/cancións que reflectan a problemática.
- Visionado de filmes.
- Actos públicos na rúa.
- Mesas redondas.
- Concurso de fotografías, carteis, relatos.

Destaco agora as actividades máis salientábeis:

- Elaboración dun contador de vítimas da violencia de xénero. Situámosto á entrada do centro. Nel rexistramos, de forma actualizada, o nome da última vítima, a data do falecemento e o número que ocupa no cómputo global.
- Un acto público na praza do concello xunto con representantes do concello, de partidos políticos e da ANPA. Foi un dos actos máis emotivos dos que temos organizado. Fíxose lectura dun manifesto, da lista de tódalas vítimas dese ano. Os carteis cos nomes das vítimas quedaron expostos todo o día na entrada do concello.

- En colaboración co departamento de debuxo e plástica elaboramos a campaña que baixo o lema “imos contar mentiras” recollía de forma gráfica e textual todos os tópicos que sustentan a ideoloxía machista e a discriminación da muller.
- Encontros con mulleres inmigrantes e xitanas que viven no concello de Ribeira. O alumnado interesouse moito pola forma de vida, costumes e tradicións da comunidade xitana.
- Participación no concurso de carteis convocado polo concello para a loita contra a violencia de xénero.
- Neste curso fixemos a primeira convocatoria do primeiro concurso de redacción e deseño do “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. O relato que ganou o concurso foi distribuído a todos o alumnado de cuarto da ESO e de Bacharelato

Hoxe en día podemos dicir que somos xa un grupo de referencia na comunidade educativa, isto dano ánimo para seguir traballando.